

Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****CANGAS****Ordenanzas e Regulamentos**

PUBLICACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DO OUTORGAMENTO DE LICENZAS PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO POR ATRACCIÓNS FEIRAIS DESMONTABLES, CASETAS E SIMILARES DURANTE AS FESTAS DO CRISTO

ANUNCIO

O Pleno do Concello de Cangas, en sesión ordinaria de data 29 de xuño de 2017, acordou aprobar expresamente, con carácter definitivo, a redacción final do texto da Ordenanza municipal reguladora do outorgamento de licenzas para a ocupación do dominio público por atraccións feirais desmontables, casetas e similares durante as festas do Cristo, unha vez resoltas as reclamacións presentadas e incorporadas as modificacións derivadas das reclamacións estimadas, o que se fai público para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DO OUTORGAMENTO DE LICENZAS PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO POR ATRACCIÓNS FEIRAIS DESMONTABLES, CASETAS E SIMILARES DURANTE AS FESTAS DO CRISTO

*CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS**ARTIGO 1º OBXECTO*

O obxecto da presente ordenanza é establecer os requisitos e o procedemento para o outorgamento de autorizacións para a ocupación do dominio público con ocasión da instalación e montaxe de atraccións feirais, casetas de feira, e similares, durante as Festas do Cristo, así como regular os requisitos que deberá cumprir o solicitante en atención á instalación e posta en funcionamento das actividades que pretendan desenvolverse no ben municipal cuxo uso se concede.

A aplicación desta ordenanza respecto das actividades reguladas cando se realicen en bens de propiedade privada limitarase aos requisitos necesarios para a posta en funcionamento das actividades.

Non son obxecto da presente ordenanza as autorizacións para a ocupación de terreos municipais con instalacións ou estruturas desmontables ou portátiles para a celebración do espectáculo públicos e actividades recreativas ocasionais.

Código seguro de verificación: 61F0NI8FF50CA06W



Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

ARTIGO 2º.—PERÍODO E LUGARES DE OCUPACIÓN

A celebración das Festas do Cristo teñen unha duración máxima de 9 días.

O período de ocupación do dominio público con ocasión da instalación e montaxe de atraccións feirais, casetas de feira, e similares, durante as Festas do Cristo abranguerá dende a tarde do venres anterior á semana previa, as datas anuais determinaranse atendendo ao último domingo do mes de agosto en que se celebra o día do Cristo, ata o domingo seguinte despois do día do Cristo, data que rematará a duración das Festas do Cristo.

O horario das festas será o seguinte:

— Apertura: 18.00 horas.

— Peche: Venres, sábado, domingos e festivos: 3:30horas. Resto dos días: 1:30 horas.

Instalaranse atraccións feirais durante as festas do Cristo no lugar que se determine pola Xunta de Goberno Local, mediante a aprobación anual do correspondente plano de situación.

No prazo máximo de ocupación, enténdense incluídos os días necesarios para proceder á montaxe, desmonte e desaloxo das atraccións.

Os espazos habilitados polo Concello deberán contar cos servizos de abastecemento de auga potable, saneamento e recollida de lixos, así como de enerxía eléctrica.

*CAPÍTULO II PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓNS
PARA A OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO.**ARTIGO 3º: ESIXENCIA DE AUTORIZACIÓN PARA A OCUPACIÓN DE TERREOS*

A ocupación dos terreos municipais para a instalación de atraccións e casetas de feira en terro municipal requirirá a obtención da oportuna licenza municipal, concedida previa solicitude, que deberá acompañarse da documentación complementaria indicada no artigo 4.

*ARTIGO 4º.—PRAZO PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
E DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA*

As solicitudes presentaranse en instancia dirixida ao Sr. Alcalde do Concello e asinada polo feirante interesado en montar da súa atracción, indicando o período en que está interesado en instalar a atracción.

O prazo para a presentación das solicitudes e documentación será hasta quince días hábiles antes do inicio da actividade. As solicitudes poderán presentarse por calquera dos medios admitidos polo artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

Xunto á solicitude, deberase acompañar a seguinte documentación:

- Instancia de solicitude debidamente cumplimentada, na que se incluíra o domicilio a efectos de notificacións, teléfono de contacto e dirección de correo electrónico. Deberá indicarse na solicitude a actividade a desenrolar así coma o número de metros que ocupará o posto.
- Orixinal ou fotocopia compulsada de documento acreditativo da identidade da persoa física ou xurídica solicitante mediante a presentación do DNI, NIE, CIF ou documento equivalente.
- Orixinal ou fotocopia compulsada de Alta na Seguridade Social do Solicitante e no Imposto de Actividades Económicas, e acreditación de estar ao corrente das súas obrigacións tributarias coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social. No momento da solicitude o órgano xestor solicitará de oficio á Tesouraría Municipal certificación acreditativa de acharse ao corrente de pago das súas obrigacións tributarias co Concello.
- Orixinal ou fotocopia compulsada da póliza vixente do seguro de responsabilidade Civil da Atracción e acreditación de estar ao corrente do recibo do ano en curso. O capital mínimo asegurado deberá ser de polo menos 150.000 euros por danos ao público asistente e a terceiros. O recibo deberá comprender o período de montaxe, funcionamento e desmontaxe da atracción ou posto.
- Declaración de potencia eléctrica da actividade.
- Certificado de Instalación Eléctrica de Baixa Tensión asinado polo instalador autorizado e autorizado polo Servizo Provincial de Industria ou Entidade colaboradora. Presentarase orixinal e no caso de presentar fotocopia mostrarase tamen o orixinal.
- Orixinal ou fotocopia compulsada da revisión anual do aparello e que acredite as condicións de seguridade, hixiene, comodidade para o público da instalación así como o seu correcto estado de funcionamento, asinado por técnico competente. (Este documento non será obrigatorio para atraccións tales como casetas de tiro, tómbolas, churrerías ou similares).
- Se se dispón de instalación de gas, presentarase ademais o certificado da instalación de gas e de revisión da instalación, asinadas polos técnicos competentes en cada caso.

Toda a documentación deberá estar en vigor na data en que se presente a solicitude para instalar a atracción en Cangas, non podendo iniciarse a actividade no caso de que se produciu a caducidade dalgún documento.

Código seguro de verificación: 61FONI8PF50CA06W



Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

ARTIGO 5º.—CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN DAS AUTORIZACIÓNS PARA A OCUPACIÓN DOS TERREOS MUNICIPAIS

1.—Só as solicitudes de atraccións feirais presentadas dentro do prazo e coa documentación complementaria completa e en vigor esixida no artigo 4, poderán obter a correspondente autorización.

Se o número de solicitudes presentadas en prazo e cumprindo os requisitos indicados fose inferior ao número de espazos dispoñibles para a colocación de atraccións, todos obterán a oportuna licenza.

Se o número de solicitudes presentadas nos termos indicados fose superior ao de espazos dispoñibles para a colocación de atraccións a adxudicación das mesmas levarase a cabo seguindo os seguintes criterios:

A. Antigüidade na participación nas festas durante o últimos cinco anos, achegando documentación e, unha vez analizadas as solicitudes presentadas, darase preferencia en primeiro lugar as presentadas polos feirantes que fosen adxudicatarios de postos nas festas do últimos cinco anos, para iso deberá de acreditarse mediante a presentación da Carta de Pago correspondente ou certificado emitido pola Tesouraría do Concello. No caso de que houberse máis dun solicitante coa mesma condición resolverase por sorteo.

B. Novidade do posto. Terán preferencia os postos que teñan un obxecto distinto aos que fosen adxudicados, para con iso dar unha maior diversidade nos servizos prestados. No caso de que fosen varios os postos que cumpran con estas condicións resolverase por sorteo.

C. Non ter sanción ou apercibimento algún por calquera tipo de incumprimento neste municipio. No caso de ter algún tipo de sanción por incumprimento neste municipio, a partir da entrada en vigor da presente ordenanza, a súa solicitude valorarase en último lugar, aínda que teña data anterior en rexistro de entrada neste Concello.

2.—As solicitudes remitiranse á Concellería competente na área de cultura. Unha vez revisada a documentación, esta Concellería efectuará unha proposta á Alcaldía da distribución dos adxudicatarios, conforme aos criterios de adxudicación establecidos neste artigo.

A autorización ou a correspondente denegación realizarase mediante decreto da Alcaldía, a cal se notificará ao interesado. Na devandita notificación o interesado será informado da localización exacta da parcela que lle vai a corresponder. Se está de acordo procederá ao abono da taxa correspondente.

O Concello adxudica, a cada titular, unha parcela perfectamente definida (situación, medidas, etc.) e para unha instalación concreta. Ningún destes parámetros pódese modificar: nin o titular, nin a parcela, nin a instalación, por tanto a persoa autorizada non poderá transmitir a outra persoa física ou xurídica a autorización, nin variar a actividade que fose autorizada.

3.—Finalizado o período de duración da festa, o prazo para o desmonte dos postos será de dous días no caso de atraccións de feira, e de un día no caso de postos de comida e bebida.

Código seguro de verificación: 61FONI8FF50CA06



Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

ARTIGO 6º.—AUTORIZACIÓN PARA A UTILIZACIÓN TEMPORAL DO TERREO MUNICIPAL

1. O outorgamento de autorización municipal dará dereito ao seu titular á súa ocupación e á montaxe das atraccións.

Dita autorización entenderase sen prexuízo das demais autorizacións e requisitos exixibles por outros organismos competentes.

2. Os titulares da autorización municipal, están obrigados a cumprir o período e horarios establecidos na presente ordenanza.

Queda terminantemente prohibido cravar e perforar na zona de beirarrúas e vía pública asfaltada.

Prohíbese expresamente a instalación de atraccións con animais.

Nos casos en que a actividade requira a instalación do propio vehículo, remolque ou autocaravana, este poderá permanecer na parcela adxudicada, sempre que sexa o soporte da devandita actividade e estea suficientemente acreditado, nese caso deberá ser desprovisto de lanzas ou elementos de ancoraxe que sobresaian do vehículo.

ARTIGO 7º.—LIQUIDACIÓN DA TAXA E CONSTITUCIÓN DE FIANZA

No momento de outorgamento da autorización, os titulares das atraccións deberán proceder ao pago da taxa prevista na correspondente Ordenanza Fiscal nas oficinas municipais. Igualmente virán obrigados a constituír unha fianza do 30% das cantidades anteriores por calquera dos medios previstos na lexislación vixente.

Dita fianza responderá da reposición a adecuadas condicións de ornato, limpeza e salubridade dos bens públicos ocupados, así como da retirada de materiais deixados polos titulares das autorizacións tras o seu desmonte e dos posibles danos ocasionados nos bens municipais ocupados polas atraccións por mor da ocupación.

CAPÍTULO III

POSTA EN FUNCIONAMENTO DAS ATRACCIÓNS

ARTIGO 8º.—INSPECCIÓN PREVIA Á POSTA EN FUNCIONAMENTO DA ATRACCIÓN

Por técnico competente poderá realizarse visita de inspección ao obxecto de comprobar que a atracción cumpre coas condicións de seguridade, hixiene e comodidade necesarias para espectadores, usuarios e persoal. Cada atracción contará cos medios de extinción de incendios que lle esixa a normativa vixente, e como mínimo cun extintor portátil de 6 Kg. de po polivalente.



Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

ARTIGO 9º.—VISITAS DE INSPECCIÓN

O Concello, no entanto, poderá realizar cantas visitas de inspección estime conveniente, durante o tempo de funcionamento da instalación.

Caso de informe negativo, en calquera das inspeccións realizadas, non se lle permitirá a posta en funcionamento ou se procederá, no seu caso, á súa paralización, levantamento forzoso das instalacións e desaloxo.

CAPÍTULO IV
OBRIGACIÓNS DOS TITULARES DAS INSTALACIÓNS

ARTIGO 10º.—OBRIGACIÓNS XERAIS

Quen obtivesen autorización municipal para ocupar os terreos municipais e para a posta en funcionamento das atraccións quedan obrigados ao cumprimento das obrigacións contidas na presente Ordenanza así como nas disposicións que lles afecten en materia de lexislación social, policía sanitaria, policía de espectáculos e todas aquelas ditadas pola autoridade competente.

Os adxudicatarios haberán de cumprir as disposicións vixentes en materia laboral e de Prevención de Riscos Laborais, respecto das persoas que traballan ás súas ordes, así como, as obrigacións sanitarias que esixa a normativa municipal.

Tamén deberán de dispor dos permisos de residencia e traballo no caso de traballadores estranxeiros e no caso de que houbese traballadores que fosen familiares do titular da licenza, estes deberán de estar dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

ARTIGO 11º. -MONTAXE E DESMONTE

Todas as atraccións deberán ser montadas e desmontadas por conta dos titulares das autorizacións de ocupación dos terreos.

Antes da data de finalización da autorización para a ocupación dos terreos, deberán quedar desmontadas as atraccións e retirados todos os materiais e elementos que constituísen a mesma deixando o espazo limpo e libre de materiais. A partir deste prazo o Concello poderá executar subsidiariamente os traballos de retirada de materiais, así como a limpeza do espazo ocupado pola atracción, incautándose en primeiro lugar a fianza, sen prexuízo ademais das sancións que procedan.

Cada feirante será responsable dos danos nos bens municipais que puidesen ocasionar as súas atraccións, executándose subsidiariamente a reparación dos mesmos polo Concello, incautándose en primeiro lugar a fianza depositada.



Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

ARTIGO 12º.—USO DO ESPAZO AUTORIZADO

- a) O espazo para o que o feirante dispón de autorización deberá destinarse única e exclusivamente á actividade declarada na súa solicitude.
- b) Queda prohibido dividir o espazo ou ceder o dereito de uso con ou sen prezo.
- c) Nos límites das parcelas deberán estar incluídos voos ou voladizos das atraccións así como os despachos de billetes.
- d) Os corredores que delimitan a separación entre atraccións deberán estar totalmente libres de calquera material das atraccións lindeiras.
- e) Non poderá transmitir a autorización a outra persoa nin variar a actividade que declarase.
- f) Deberá manter o espazo en adecuadas condicións de limpeza, ornato e hixiene
- g) Deberá respectar o estrito cumprimento do Regulamento Electrotecnico de Baixa Tension.
- h) A instalación de carros, caravanas e casetas de vivendas e vehículos en xeral non poderá realizarse fóra dos lugares habilitados ao efecto.

ARTIGO 13º.—REQUISITOS ESPECÍFICOS A CUMPRIR POLOS POSTOS DE ALIMENTACIÓN

En todos os establecementos de restauración haberán de cumprirse as disposicións de sanidade vixentes. Os mesmos requisitos serán exixibles para as instalacións que, aínda non tendo como obxecto principal a venda de alimentos e bebidas, inclúan este servizo na súa actividade.

Todos os traballadores dos postos nos que leve a cabo a venda e manipulación de comidas, han de dispor do correspondente Carné de Manipulador de Alimentos.

Nos postos nos que se realice actividades de freiduría, deberase de ter en conta todas as medidas de protección, hixiene e seguridade necesarias, a fin de evitar calquera tipo de incidente e para a retirada dos restos de aceite, leste deberá de facerse nos lugares oportunos de reciclaxe.

ARTIGO 14º.—SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA

A subministración de enerxía eléctrica deberá ser contratada polos feirantes na compañía eléctrica subministradora axustándose ás prescricións que para iso marque a compañía e ás condicións establecidas para este tipo de subministración pola mesma e a normativa sectorial vixente. Os gastos de enganche eléctrico, e no seu caso, os de tendido de liña, correrán por conta dos feirantes.

Non se permitirá a instalación de grupos electrógenos complementarios a quen non cumpra o especificado nesta ordenanza.



Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

Todas as instalacións dispoñerán dun extintor, cunha eficacia mínima de 13-A 89-B en perfecto estado de uso, e en lugar visible.

Todas as instalacións cumprirán as normas establecidas no Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión, Real Decreto 842/2002, do 2 de agosto, sendo os titulares de cada instalación os responsables dos danos e prexuízos que lles poida causar o incumprimento.

A derivación individual desde o punto de toma ata o cadro de contadores ou de distribución da barraca ou caravana, deberá cumprir co disposto no Regulamento Electrotécnico de Baixa Tensión anteriormente citado, tendo unha consideración especial as instrucións ITC-BT 34, ITC-BT 20, ITC-BT 21, ITC-BT 06 e ITC-BT 11 cando a montaxe sexa aéreo. Para montaxes por baixo de 2,5 metros de altura, os condutores quedarán protexidos por tubos ou canles das características indicadas na táboa 2 da instrución ITC-BT 11 e cumprimento quedará verificado segundo os ensaios indicados nas normas UNE-EN 50086-2-1 para tubos ríxidos e UNE-EN 50085-1 para canles. Os cadros xerais de mando e protección de cada atracción, caseta, etc., deberán contar coas proteccións contra sobreintensidades e contactos directos e indirectos que marca o citado Regulamento. Estarán situados en lugares de fácil acceso (nunca debaixo da atracción) pero tomaranse as precaucións necesarias para que os dispositivos de mando e protección non sexan accesibles ao público. Estes dispositivos non poderán quedar depositados no chan.

As conexións eléctricas deberán ser realizadas por instalador eléctrico autorizado polo Servizo Provincial de Industria correspondente.

Cada atracción con partes metálicas accesibles ao público deberá contar coa súa correspondente rede equipotencial, realizada de acordo co regulamento electrotécnico de baixa tensión. A posta a terra será independente da rede de terra da instalación eléctrica.

Cando a atracción está alimentada polo seu propio grupo electrógeno, deberá achegar a documentación de homologación do mesmo. En canto á instalación, o neutro do grupo estará conectado a terra.

ARTIGO 15º.—LIMPEZA DA VÍA PÚBLICA

1.—Sen prexuízo das licenzas ou autorizacións obtidas, os feirantes ten a obrigaçión de adoptar as medidas necesarias para evitar a sucidade na vía pública, así como limpar o espazo ocupado e os arredores dos mesmos.

Será potestade dos servizos municipais a retirada sen previo aviso de todo obxecto ou material abandonado cando dificulte o paso ou a libre circulación.

2.—Os feirantes deberán verter nos colectores os lixos e outros residuos sólidos, que deberán ser depositados preferentemente dentro de bolsas de plástico adecuadas. A incorrecta utilización destes colectores poderá dar lugar á imposición das sancións correspondentes.



Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

ARTIGO 16º.—UTILIZACIÓN DE ALTOFALANTES E HORARIOS DE PECHE

Os altofalantes instalados nos postos, así como a música das atraccións, só poderán emitir música cuxo nivel de son non exceda de 85 DBA, non podendo exceder de 65 DBA a partir das 22 horas e medidos desde unha istancia máxima de 5 metros, para iso o Concello poderá realizar as correspondentes comprobacións.

Os postos situados nas proximidades do escenario, non poderá utilizar os altofalantes cando teña lugar os bailes amenizados por artistas ú orquestras, concursos, festivais, actos relixiosos e demais actos programados pola Concellaría. Todos os postos orientarán os seus altofalantes e bafles cara ao interior, controlando antes de empezar a funcionar que o seu son non invada aos negocios lindeiros.

En todo momento as autoridades e axentes que realizarán tarefas ó actividades de inspección e comprobación poderán requirir aos titulares a aminoración ó eliminación transitoria do nivel de ruídos emitidos para realizar adecuadamente ditas actuacións.

Os postos han de cesar a súa actividade ás horas determinadas no artigo 2, a fin de evitar molestias aos veciños lindeiros do recinto de postos.

O incumprimento destas limitacións, previo apercibimento, suporá o precinto do posto, sen prexuízo da revogación da autorización, sen dereito a ningún tipo de indemnización por iso.

ARTIGO 17º.—DEVOLUCIÓN DA FIANZA

A fianza depositada polos feirantes nos termos indicados no artigo 7 da presente Ordenanza, será devolta unha vez finalizada ocupación dos terreos, previo informe favorable dos servizos técnicos no que se acredite que a consecuencia da ocupación non se causaron danos os bens municipais, levándose a cabo correctamente os labores de retirada de materiais e limpeza do espazo ocupado, polo que non procede a incautación da mesma.

ARTIGO 18º.—EXTINCIÓN E REVOGACIÓN DA AUTORIZACIÓN

O incumprimento de calquera das condicións particulares ó xerais das licenzas segundo as presentes bases, determinará a revogación da licenza, sen dereito a indemnización, todo iso sen prexuízo das sancións correspondentes que puidesen imporse por procedemento sancionador, así como, ao precinto polos axentes policiais do posto e mesmo da súa retirada da vía pública.

CAPÍTULO V
*PROCEDEMENTO SANCIONADOR**ARTIGO 19º.—INFRACCIÓN*

1. Considéranse infraccións, en relación coas materias a que se refire a presente ordenanza, as accións ou omisións que contravengan o establecido nas normas que integran o seu contido.

Código seguro de verificación: 61F0NI8FF50CA06



Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

2. As sancións establecidas neste título só poderán imporse polas autoridades ou órganos competentes tras a sustanciación do oportuno expediente conforme ao establecido na lexislación vixente, tramitándose pola área municipal correspondente, sen prexuízo de que poida instarse a súa iniciación polos particulares ou outros servizos municipais.

ARTIGO 20º.—GRADACIÓN DAS INFRACCIÓNNS

As infraccións a que fai referencia o artigo anterior, clasifícanse en leves, graves e moi graves.

ARTIGO 21º.—INFRACCIÓNNS MOI GRAVES

Serán infraccións moi graves:

- Pór en funcionamento atraccións, casetas ou similares, sen obter o correspondente permiso de funcionamento nos termos establecidos na presente ordenanza.
- Cambiar o uso ou destino das instalacións respecto do autorizado.
- Incumprir as medidas de seguridade recollidas na licenza municipal pondo en perigo ás persoas e bens.
- Alterar a potencia ou instalación eléctrica inspeccionada polos servizos municipais mediante o enganche de novos aparellos ou instalacións, variación da colocación do cableado, alteración das caixas de luz e demais modificacións na instalación non autorizadas polo Concello.
- O incumprimento do resto das normas sobre Seguridade e Instalacións Eléctricas poñendo en perigo a persoas e bens.
- O incumprimento das Normas sobre prevención e extinción de incendios pondo en perigo a persoas e bens.

ARTIGO 22º.—INFRACCIÓNNS GRAVES

Serán infraccións graves:

- Cesión das autorizacións de ocupación de terreos e/ou de funcionamento das instalacións a terceiros, mediando ou non prezo.
- Incumprir as medidas de seguridade recollidas na licenza municipal sen pór en perigo a persoas e bens.
- O incumprimento do resto de Normas sobre Seguridade e Instalacións Eléctricas sen pór en perigo a persoas e bens.
- O incumprimento das Normas sobre prevención e extinción de incendios sen pór en perigo a persoas e bens.
- Desobedecer gravemente as ordes verbais ou escritas do persoal municipal.
- Prolongar gravemente a ocupación dos terreos ou a realización da actividade superando o prazo autorizado na licenza.
- Causar perturbación grave á limpeza, ornato e hixiene públicos



Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

- Producir danos graves en terreos municipais cedidos ou nos seus arredores, ou nas infraestruturas e equipamentos municipais.
- Falsear ou alterar de calquera modo a documentación presentada coa solicitude cando non constituía infracción penal.

ARTIGO 23º.—INFRACCIONES LEVES

Serán infraccións leves as cometidas contra as normas da presente ordenanza que non se cualifiquen expresamente como graves ou moi graves.

ARTIGO 24º.—INSPECCIÓN E MEDIDAS CAUTELARES

1. As inspeccións das actividades, aos efectos de comprobar o bo funcionamento do preceptuado nas mesmas, realizarase polos Servizos Técnicos de maneira periódica.

Os responsables das instalacións e o persoal ao seu servizo están obrigados a atender e cumprimentar, o máis axiña posible, cantas suxestións, solicitudes e indicacións que lles sexan efectuadas polo meritado persoal técnico.

2. Formulada denuncia polos técnicos municipais ou por axentes da autoridade sobre feitos que supoñan un incumprimento grave ou moi grave do disposto na presente Ordenanza, darase traslado do contido da mesma ao responsable da actividade denunciada, outorgándolle un prazo de subsanación de anomalías de 48 horas, a fin de que poida efectuar as alegacións que estime oportunas sobre o contido da mesma e a realidade dos feitos denunciados.

Transcorrido devandito prazo, acreditado no seu caso o incumprimento do disposto na presente Ordenanza, o Concello de Cangas, en función dos feitos denunciados e por razóns de urxencia, poderá adoptar as medidas cautelares pertinentes para garantir o cumprimento do disposto na presente ordenanza, podendo acordar a revogación da autorización concedida e o peche e precinto das instalacións, de acordo coa lexislación vixente.

Sen prexuízo da adopción de medidas cautelares reguladas no apartado anterior, e do expediente sancionador que se instrúa ao efecto, o incumprimento do disposto na presente Ordenanza será un elemento de valoración negativo para a adxudicación de parcelas en próximas edicións das festas do Cristo e durante un período de 5 anos consecutivos.

ARTIGO 25º.—SANCIONES

Sen prexuízo do disposto nos artigos seguintes e na regulamentación específica para cada materia, as infraccións do disposto na presente Ordenanza poderán ser sancionadas, de conformidade co disposto no artigo 141 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, da seguinte forma:

- a) Infraccións leves: Multa até 750,00 euros
- b) Infraccións graves: Multa desde 750,01 até 1.500,00 euros



Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

c) Infraccións moi graves: Multa desde 1.500,01 até 3.000,00 euros e perda do dereito do uso e aproveitamento da parcela.

A falta de autorización para o exercicio de calquera das actividades reguladas nesta Ordenanza motivará o peche da mesma.

ARTIGO 26º.—CRITERIOS DE GRADACIÓN DE SANCIONES

Para a gradación das sancións teranse en conta unha serie de criterios:

- a) O risco de dano que exista
- b) Contía dos prexuízos causados
- c) Beneficio derivado da actividade infractora
- d) Grao de molestias que ocasionan
- e) Circunstancias dolosas ou culposas do causante da infracción.

Terá a consideración de circunstancia atenuante da responsabilidade a adopción por parte do autor/a de a infracción de medidas correctoras, tanto con anterioridade á incoación do expediente sancionador como dentro do prazo concedido no acordo de inicio do mesmo.

ARTIGO 27º.—PRESCRICIÓN E CADUCIDADE

A prescrición das infraccións producirase polo transcurso dos seguintes prazos:

1. As infraccións moi graves: Prescriben aos 4 anos
2. As infraccións graves: Prescriben aos 2 anos
3. As infraccións leves: Prescriben ao ano.

A prescrición das sancións producirase polo transcurso dos seguintes prazos:

1. Sancións impostas por infraccións moi graves: prescriben aos 4 anos.
2. Sancións impostas por infraccións graves: prescriben aos 3 anos.
3. Sancións impostas por infraccións leves: prescriben ao ano.

O prazo de prescrición das infraccións comezará a contar desde o día en que a infracción se cometese, e o prazo de prescrición das sancións comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que adquira firmeza en vía administrativa a resolución pola que se impón a sanción.

A prescrición das infraccións interromperase pola iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento sancionador, renovándose o prazo de prescrición se o procedemento sancionador estivese paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.



Venres, 4 de agosto de 2017

Núm. 149

O procedemento sancionador deberá resolverse no prazo máximo dun ano desde a súa iniciación para faltas leves, graves e moi graves, producíndose a caducidade do mesmo na forma e modo previstos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

ARTIGO 28º.—LEXISLACIÓN APLICABLE

En todo o non previsto na presente ordenanza serán de aplicación a lexislación específica de cada materia, as Ordenanzas Municipais e as demais normas de aplicación subsidiaria.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

As disposicións desta ordenanza complementaranse co establecido no bando municipal que cada ano poida ditar o Concello, con independencia da lexislación específica de cada materia que lle sexa de aplicación nos aspectos reguladores e sancionadores.

DISPOSICION FINAL

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, e transcorre o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, prazo no que a Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma poderán exercer as súas facultades de requirimento.

Cangas, na data que figura na sinatura electrónica.

O ALCALDE

Xosé Manuel Pazos Varela.

